



NOTA DE PRENSA

O Colexio Oficial de Biólogos de Galicia (COBGA) alerta sobre a ameaza que a proliferación das especies exóticas invasoras supón para a biodiversidade e a economía de Galicia.

- **Distintas especies recentemente rexistradas na nosa comunidade xa teñen orixinado perdas millonarias noutros países.**
- **O COBGA considera imprescindible a aplicación urxente das directrices recollidas no Catálogo español de especies ameazadas para evitar a súa proliferación e reducir o seu impacto.**

Santiago, 24 de abril de 2012.

As especies exóticas invasoras en Galicia

As especies exóticas invasoras (EEI) supoñen un serio perigo para a conservación da biodiversidade autóctona en calquera lugar do planeta. Ademais, distintas especies son responsables tamén de cuantiosas perdas económicas en diferentes sectores, ou ben supoñen desembolsos millonarios para os organismos responsables da súa retirada do medio natural. Galicia non é allea a esta situación, e nos últimos anos detectouse a presenza de varias das especies con maior potencial de impacto ambiental e económico.

O **bambú xaponés** (*Fallopia japonica*) ten orixinado perdas de millóns de euros no continente europeo como resultado da proliferación dos seus rizomas soterrados a varios metros de profundidade, que conseguen penetrar mesmo no formigón, co que danan de xeito irreversible as vivendas e infraestruturas (estradas, desaugues) baixo as que se desenvolven. Recentemente detectáronse varios focos de invasión desta especie en Galicia, o máis importante nas ribeiras do río Louro ao seu paso polos concellos de Mos, O Porriño e Tui pero tamén se ten atopado en lugares tan distantes como Vigo, Santiago de Compostela ou Oleiros.

O **xacinto de auga** (*Eichornia crassipes*) ou o **fento de auga** (*Azolla filiculoides*) son plantas comunmente empregadas como decoración de estanques de xardín. A súa liberación ao medio natural e posterior proliferación supuxo, só no río Guadiana, actuacións de control por un valor superior a 20 millóns de euros. Estas plantas atópanse en moitos lugares de Galicia, téndose observado proliferacións importantes do xacinto de auga no río Avia e do fento de auga nos ríos Miño ou Limia.

O **visón americano** (*Neovison vison*) escapou das granxas de cría durante a súa forte expansión en Galicia a mediados do século pasado. Con poboacións totalmente asilvestradas, esta especie supón un factor de extinción a curto prazo para moitas especies de aves silvestres ameazadas (como o corvo mariño cristado ou a pardela cincenta).

Cunha expansión sen parangón en Norteamérica e en todo o continente europeo, o **mexillón cebra** (*Dreissena polymorpha*) orixina perdas de miles de millóns de euros fundamentalmente derivadas do taponamento de infraestruturas liñais de conducción de auga (regadíos, transporte de auga potable) e turbinas de centrais hidroeléctricas, que mesmo pode chegar a inutilizar. Só na cunca do Ebro se teñen invertido máis de 25 millóns de euros en tarefas de control, seguimento e investigación para evitar os danos que provoca desde o ano 2001. Esta especie aínda non se ten detectado en Galicia, pero a súa recente expansión desde o Ebro a ríos do Cantábrico indica que non se conseguiu frear a súa expansión polas cuncas peninsulares.

Desde hai moito tempo existen especies exóticas invasoras consideradas pragas animais ou vexetais que contan con lexislación e orzamentos específicos para a súa xestión. Un exemplo moi recente é o **nematodo do piñeiro** (*Bursaphelenchus xilophilus*), para o que se estableceu un sistema de control fronteirizo e alerta temperá en toda Europa, e se invertiron varios millóns de euros en distintas actuacións tras a súa detección nun único punto en Galicia o ano 2010.

Sen embargo, para as especies exóticas con comportamento invasor non catalogadas como pragas, non existía ata o ano pasado un marco normativo específico que reflectira o compromiso das administracións responsables da súa xestión e establecera certas obrigas encamiñadas á redución dos impactos orixinados por elas.

O Catálogo español de especies exóticas invasoras

Á vista desta situación, considerouse imprescindible a creación dunha ferramenta normativa que regulase as distintas actividades que poderían permitir unha mellor xestión das especies exóticas invasoras (comercio, transporte, eliminación). O Real Decreto 1628/2011, do 14 de novembro, polo que se regulan a Lista e o Catálogo español de especies exóticas invasoras, estableceu os fundamentos normativos e procedimentais para a xestión das especies exóticas invasoras en España.

Se ben a complexidade do problema que se pretende solucionar fai difícil que exista unha solución inmediata satisfactoria para todas as partes implicadas, actualmente este Real Decreto é a ferramenta legal máis específica para tratar de dar solución aos problemas ocasionados polas especies invasoras.

Sen embargo, a inclusión de varias especies suxeitas na actualidade a aproveitamento cinexético e piscícola (perca americana, troita arco iris) motivou que a norma fose obxecto de duras críticas por parte de diferentes sectores e incluso distintas administracións autonómicas, facendo que o Consello de Ministros chegara en febreiro deste ano a un acordo polo que se anula calquera referencia existente nesa norma ao listado de especies exóticas con potencial invasor.

A postura do COBGA respecto á xestión das EEI en Galicia

Desde o COBGA alertamos sobre a ameaza real e inmediata que supoñen certas especies exóticas con comportamento invasor para a biodiversidade e a economía de Galicia, e instamos a que as administracións implicadas na súa xestión tomen as medidas necesarias para prever a introdución e expansión destas especies, así como para o seu control e posible eliminación.

Así mesmo, o COBGA non comparte as críticas realizadas ao catálogo español de especies exóticas invasoras, e ante a gravidade da situación expresa a súa disconformidade coa recente anulación das referencias do Real Decreto 1628/2011 relativas ao listado de especies exóticas con potencial invasor.

Por estes motivos, o COBGA dirixiuse ao Conselleiro de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas, apelando á responsabilidade da Administración autonómica, e instándoo a:

- 1) Desenvolver e aplicar os contidos do Real Decreto 1628/2011 en Galicia.
- 2) Desenvolver con urxencia plans de erradicación das especies que se atopan en fases temperás de expansión en Galicia, con especial atención ás máis prexudiciais.
- 3) Potenciar a Rede de Alerta Temperá fronte ao risco de entrada de novas especies exóticas invasoras.
- 4) Poñer en marcha os plans de control e erradicación das especies exóticas xa estendidas na nosa comunidade.
- 5) Impulsar a nivel estatal a elaboración das estratexias de loita contra as especies exóticas invasoras.
- 6) Crear un órgano de discusión, seguimento e mellora en Galicia da aplicación dos contidos do Real Decreto 1628/2011, no que estean representados todos os sectores sociais con intereses na materia.